

REGULAMENTO DA XXI CAMIÑADA DE MONTAÑA DE ENTRIMO

O Concello de Entrimo organiza o 25 de Abril do 2026 a XXI Camiñada de Montaña de Entrimo, para disfrute polos camiñantes dos grandes recursos naturais existentes no Concello e que forman parte do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, declarado Reserva da Biosfera.

REGULAMENTO.

1.- XERAL:

Data: 25 de abril 2026.

Hora: ás 9:00 horas ata 21.00 horas.

Lugar: Praza do Concello. Entrimo.

Distancias: A Camiñada é de 50 km, dividida en dous bucles de 25 km aproximadamente. Cada un deles será puntuable para a Liga Galega de Andainas.

Inscricións:

Será a través da plataforma de sportmaniacs. <https://sportmaniacs.com/es> ou na app [Saudeter Live](#). Aboarase una cuota de inscrición de 15 euros (xeral) e de 12 euros (federados/as). A fecha límite para anotarse será o mércores 22 de abril 2026 ás 23.59 horas. Unha vez inscrito o camiñante non poderá modificar cambios na titularidade do dorsal nin cancelar o mesmo coa correspondente perda da inscrición.

Non serán admitidos camiñantes que non estean inscritos ou non posean dorsal, impedindo que teñan acceso a camiñada na defensa dos dereitos dos reglamentariamente inscritos.

Participación:

Poderán participar os/as maiores de idade ou maiores de 12 anos con autorización dos seus pais/nais ou titores. Cada corredor/a debe ser consciente de que a súa condición física e a adecuada as características da proba, absténdose de participar ante calquera doenza, enfermidade ou outra condición que poña en perigo a súa integridade ou non lle permita terminar a proba.

A organización poderá retirar da proba a todo participante, que a xuízo das persoas que se encarguen do control da mesma, non se atope en condicións idóneas para continuar.

Os corredores/as deberán levar en todo momento o dorsal a vista para facilitar o control do mesmo.

Recollida de dorsais:

Os dorsais poderanse recolleranse o día da proba, sábado día 25 de abril 2026 no Museo Pura Santos (antiguo Centro Médico) dende as 8:20 horas ata as 8.50 horas. Unha vez finalizado o tempo non se permitirá recoller dorsais polo que pedimos que sexamos responsables e respetuosos cos horarios para facilitar o desenrolo da proba.

Agasallos:

Terán un agasallo, a determinar pola organización, os camiñantes inscritos da proba. Avituallamentos para tódolos participantes e degustación de produtos típicos unha vez finalizada a proba. Esta camiñada non é competitiva, pero premiarase a participación dos camiñantes que rematen os 50 km ou 25 km coa entrega dun diploma conmemorativo, no que se plasmará o tempo que lle sobrou o camiñante en completar a andaina, sobre un máximo de 12 horas.

Servizos:

- Entrega de dorsais.
- Cronometraxe.
- Puntos kilométricos sinalizados da camiñada por tramos de 5km.
- Avituallamentos nos puntos kilométricos 7 / 15 / 26 / 33 / 42 aproximadamente ou en calquera outro que estime a organización.
- Vestiarios e duchas.
- Aparcamentos.
- Entrega de agasallos.
- Música.
- Comida conxunta.
- Seguro accidentes e R.C.

. Servizo de recollida do camiñante en caso de abandono por imposibilidade física.

Sinalización e Controis.

O percorrido estará sinalizado con cintas de alta visibilidade, carteis, sinais e puntos kilométricos cada 5 km, sendo obrigatorio o paso por tódolos controis establecidos que coincidirán cos avituallamentos.

Avituallamentos.

O longo do recorrido haberá varios puntos de avituallamento para repoñer forzas nos puntos kilométricos 7 / 15 / 26 / 33 / 42 aproximadamente ou en calquera outro que estime a organización. Contaremos con avituallamentos líquidos (auga, bebidas isotónicas...) e sólidos (froita, barritas)

Por respecto ao entorno será obrigatorio depositar os restos de lixo en zonas habilitadas para tal fin.

Outras consideracións:

- A organización reservase o dereito a realizar as modificacións que considere necesarias en función dos diferentes condicionantes, así como a suspensión da proba se as condicións meteorolóxicas obrigan ou por forza maior. Os participantes están obrigados a auxiliar aos accidentados.
- A organización declina toda responsabilidade no caso de accidente, neglixencia, así como dos obxectos de cada participante. Os participantes exoneran a organización de toda responsabilidade no caso de accidente ou lesión.
- A organización contará cos servizos de comunicación e emerxencia de protección civil, así como una póliza de seguro de responsabilidade civil e de accidentes para os participantes na camiñada.
- A organización non se fará responsable de ningunha lesión que teña que ver ca NON preparación física ou mental do asistente.
- Polo feito de tomala saída, tódol@s participantes/as aceptan o presente regulamento.

En Entrimo, a marzo 2026 .

